

GRECIA

1. Os antigos gregos: onde e cando viviron.

1.1. O mundo grego.

A civilización grega xurdiu no extremo oriental do mar Mediterráneo, no sur da península dos Balcáns. Desde este lugar estendeuse polas illas dos mares Exeo e Xónico, polas costas de Asia Menor e tamén polo Mediterráneo occidental. Os gregos chamábanlle a este espazo a Hélade, que significa “territorio dos gregos”.

A península balcánica estaba formada por estreitos vales illados entre si por montañas. Por esta razón, a antiga Grecia non constituíu un Estado unificado, senón que cada val e cada illa formaban un Estado independente.

Non obstante, todos estes pequenos Estados pertencían a unha mesma civilización: falaban a mesma lingua, o grego, e adoraban os mesmos deuses.

As terras gregas eran pouco produtivas. Por iso, o mar Mediterráneo converteuse na principal fonte de subsistencia. Do mar obtiñan parte do seu alimento e era unha importante vía para a navegación e para o comercio.



1.2. As etapas da historia de Grecia.

A historia da antiga Grecia divídese en tres grandes períodos:

- A época arcaica, que se desenvolveu entre os séculos IX e VI a.C.
- A época clásica, que se estendeu durante o século Va.C.e a primeira metade do século IV a.C.
- A época helenística, que transcorreu desde mediados do século IV a.C. ata o século I a.C.

2. A HISTORIA DOS ANTIGOS GREGOS



2. A época arcaica.

2.1. O nacemento das polis.

Entre os séculos XII e VIII a.C., tras a desaparición da civilización micénica, e ca chegada dos Dorios, transcorreu a chamada Época Escura, un período do que non se teñen testemuños históricos. A partir do século VIII a.C., Os gregos fóronse agrupando en polis, que eran cidades cun goberno, cunhas leis e cun exército propios. Por esta razón, dise que as polis eran cidades-Estado.

Nun principio, as polis estaban gobernadas por xefes locais, polo que a participación do pobo na vida política estaba moi limitada. Despois, o poder pasou a mans dos máis ricos, que formaban unha minoría privilexiada. Os ricos denomináronse a si mesmos aristoi, que significa “os mellores”. De aquí procede a palabra aristocracia, “goberno dos mellores”, da que Esparta foi o mellor exemplo. Durante o século VI a.C., o crecemento da poboación e o escaso rendemento da terra provocaron un período de crise e revoltas populares contra os aristoi. Foron o inicio dun proceso que culminou coa aparición da democracia. Atenas constitúe o mellor exemplo de goberno democrático.

2.2. A expansión grega.

Grecia viviu un período de crise entre os séculos VIII e VI a.C. A poboación medrou moito, pero como a terra era pouco fértil, non producía alimentos suficientes. Ademais, a maior parte das terras estaba en mans dunha minoría rica, mentres que os campesiños eran pobres. Nestas circunstancias, moitos gregos emigraron e fundaron numerosas colonias polo Mediterráneo, nun proceso denominado colonización.

A cidade de orixe, de onde partía a poboación para fundar unha colonia era a metrópole.

As colonias eran comunidades independentes, aínda que mantiñan os deuses, os costumes e a organización da polis de que procedía a súa poboación. Establecíanse preto da costa para facilitar o transporte e o comercio.

Tamén buscaban un outeiro desde o que defender a cidade, con auga e terreos fértiles.

A expansión grega desenvolveuse en dúas ondas:

- Entre o 750 e o 650 a. C., os gregos foron cara ao oeste. Asentáronse nas illas e costas do mar Xónico, Sicilia e o sur de Italia (A Magna Grecia), Francia, Libia e o sur e o leste da península ibérica.
- Entre o 650 e o 550 a.C., Os gregos expandíronse cara ao leste e fundaron colonias nas costas do mar Negro.

Como consecuencia das colonizacións, os gregos entraron en contacto con outros pobos, como os fenicios, os etruscos e os exipcios. Ademais, as colonizacións serviron para estender a civilización grega máis alá das súas fronteiras.



3. A época clásica: Atenas e Esparta.

Durante o século V a.C. e a primeira metade do século IV a.C. desenvolveuse a etapa clásica de Grecia. Este período caracterizouse pola superioridade das polis de Atenas e Esparta e pola sucesión de guerras.

3.1. Atenas, a orixe da democracia

Atenas constitúe o exemplo máis coñecido de polis democrática. As reformas políticas introducidas a partir do século VII a.C. por algúns lexisladores, como Solón, sentaron as bases das institucións da democracia ateniense. O goberno da polis realizábase a través das seguintes institucións:

- A Asemblea ou Ekklesia. Era o principal órgano de decisión política. Nela tratábanse todas as cuestións que afectaban á vida pública: votábanse as leis, decidíanse a guerra e a paz e elixíanse os gobernantes.

A Ekklesia estaba formada por todos os cidadáns atenienses maiores de vinte anos, os únicos con dereito a votar e a seren elixidos. As votacións realizábanse a man alzada.

- A Bulé ou Consello dos Cincocentos. Encargábase de preparar os asuntos que se discutían na Asemblea. Estaba formada por cincocentos cidadáns maiores de trinta anos elixidos por sorteo.
- Os maxistrados. Eran os funcionarios que executaban as decisións da Asemblea. Entre eles, destacaban os dez estrategos, que dirixían o exército e a armada, e os nove arcontes, que presidían os tribunais e que se encargaban dos ritos relixiosos. Outros maxistrados ocupábanse da policía, dos transportes, das prisións, dos mercados, etc.
- Os tribunais de xustiza eran elixidos por sorteo entre os cidadáns cada ano. Cada un dos tribunais especializábase nunha materia determinada.

8. SISTEMA POLÍTICO ATENIENSE



En Atenas, unicamente os cidadáns podían participar na vida política con plenos dereitos, as mulleres, os escravos e os estranxeiros non eran considerados cidadáns.


3.2. Esparta, unha polis aristocrática.

Esparta foi unha das polis máis extensas e poderosas de Grecia. O seu sistema de goberno e a súa estrutura social, en cambio, foron moi diferentes dos das demais polis. Os espartanos dedicaban gran parte do tempo a prepararse para a guerra, mentres que outros pobos que conquistaran se encargaban do traballo.

O sistema de goberno de Esparta foi a oligarquía, que significa (goberno duns poucos). Este sistema de goberno baseábase nas seguintes institucións:

- Diarquía: dous reis que pertencían a familias distintas e exercían o poder militar e relixioso.
- A Xerusia ou Consello de Anciáns. Estaba formado polos anciáns das familias máis prestixiosas e polos dous reis. Propoñía e elaboraba as leis e podía xulgar os reis.
- Os éforos. Eran cinco maxistrados con plenos poderes para executar as decisións da Xerusia.
- A Asemblea ou Apella. Estaba formada por todos os homes libres maiores de trinta anos. O seu poder era moi limitado porque a Xerusia podía vetar as súas decisións e porque os éforos dirixían as asembleas. A súa principal función era elixir os éforos e os membros da Xerusia.

SISTEMA POLÍTICO ESPARTANO



4. A época clásica: un período de guerras.

4.1. As guerras médicas.

O pobo persa, que habitaba na meseta de Irán (Asia) iniciou a mediados do século VI a.C. unha grande expansión territorial. Nese proceso someteu as polis gregas de Asia Menor e as illas próximas á costa.

No ano 499 a.C., as polis sometidas rebeláronse contra os persas. O resto das polis gregas, encabezadas por Atenas, acudiron a axudalas. Este foi o comezo das guerras médicas, que atravesaron por varias etapas:



- A primeira guerra médica acabou no ano 490 a. C., cando os soldados gregos, chamados hoplitas, venceron os persas na batalla de Maratón.
- O rei persa Xerxes I iniciou a segunda guerra médica no ano 480 a.C. Invadiu Grecia polo norte e, malia que foi detido polos espartanos nas Termópilas, saqueou Atenas. Pero pouco despois foi derrotado nas batallas de Salamina e Platea.

As guerras médicas concluíron co triunfo dos gregos e Atenas adquiriu un gran prestixio militar e converteuse na potencia máis importante da Hélade.

4.2. O esplendor de Atenas


Durante o século V a.C., Atenas viviu a súa época de maior esplendor. Aos éxitos militares obtidos nas guerras médicas sumouse o apoxeo económico, cultural e político que viviu a polis neste período.

Entre os anos 461 a.C. e 429 a.C. Pericles dirixiu a política ateniense; foi elixido maxistrado ata quince veces. Encargoulles aos mellores artistas gregos a reconstrución da Acrópole, que fora destruída durante as guerras contra os persas. A pesar de que Pericles proviña dunha familia aristocrática, aprobou reformas que beneficiaron o pobo. Aumentou as atribucións da Ekklesia e tamén da Bulé e tomou medidas para incrementar a participación do pobo na vida política.

4.3. A guerra do Peloponeso.

No ano 477 a. C. formouse a Liga de Delos, unha unión de polis que proporcionaban unha cantidade de diñeiro para manter unha frota de guerra coa que defenderse de novos ataques persas. O diñeiro recadado gardábase na illa de Delos baixo a protección de Atenas. O auxe político, económico e cultural de Atenas durante o século V a.C. ameazou os intereses doutras polis, como Esparta, que formaron a Liga do Peloponeso. A tensión acabou provocando a guerra do Peloponeso, entre os partidarios de Atenas e os partidarios de Esparta, no ano 431 a.C.

O conflito atravesou varias fases e concluíu no ano 404 a.C. coa vitoria de Esparta. O dominio de Esparta foi tan opresivo que no 403 a. C. Atenas e outras polis subleváronse. As loitas internas e a crise económica debilitaron as cidades-Estado gregas.



5. A época helenística

5.1. As conquistas de Alexandre Magno.

Macedonia era un reino montañoso, situado ao norte de Grecia, moi influenciado pola cultura grega. A mediados do século IV a.C., o rei Filipo II de Macedonia decidiu aproveitarse da debilidade en que estaban sumidas as polis gregas tras décadas de enfrontamentos internos. Organizou un poderoso exército e no ano 338 a.C. someteu a todas as polis de Grecia salvo Esparta. No 336 a.C., cando se dispoñía a conquistar o Imperio persa, Filipo II foi asasinado.

Sucedeu o seu fillo Alexandre Magno, que fora preparado desde neno para gobernar. Formou un grande exército e lanzouse a conquistar o Imperio persa. Desde alí emprendeu unha grande expedición cara a Oriente. Entre os anos 334 e 323 a. C., Alexandre alcanzou o val do río Indo e formou un grande imperio que se estendía por Persia, Mesopotamia, Siria e Exipto. Morreu no 323 a. C., cando proxectaba a conquista de Arabia.

A grande expansión do Imperio de Alexandre Magno foi posible grazas ao seu xenio militar e ao poderoso exército macedonio, do que o núcleo principal era a falanxe. Ideada por Filipo II, era unha formación de combate organizada en 16 filas con 16 homes por fila. As cinco primeiras atacaban e o resto levantaba as lanzas para protexer os compañeiros.



5.2. O helenismo.

O Imperio de Alexandre Magno provocou importantes cambios no mundo grego.

Nos territorios conquistados por Alexandre Magno o grego converteuse na lingua oficial e culta, e puxéronse de moda a cultura e a arte gregas. Chamámoslle helenismo a esta expansión da cultura grega por Asia e polo norte de África e á fusión da cultura grega coa cultura oriental.

O período helenístico foi unha etapa de grande esplendor cultural. Floreceron a arte, a poesía e o teatro, e producíronse avances científicos. Destacaron os matemáticos Arquímedes e Euclides e o xeógrafo Eratóstenes.

O mundo helenístico era un espazo de grandes cidades. As que xa existían medraron e, ademais, fundáronse outras novas, como Pérgamo e Alexandría. Os novos asentamentos seguían un plano moi regular e dispoñían de importantes edificios, como santuarios, bibliotecas, museos, etc. A biblioteca de Alexandría chegou a ser a maior do seu tempo.

Nas cidades costeiras construíronse enormes portos, pois o comercio adquiriu grande importancia.

5.3. As monarquías helenísticas.

Alexandre Magno morreu sen deixar organizado o seu inmenso imperio. Os seus xenerais dividiron o territorio, adoptaron o título de reis e fundaron diversos reinos, coñecidos como monarquías helenísticas. Nelas os reis, que foron divinizados, eran a máxima autoridade política e militar. Destacaron Exipto, Mesopotamia, Tracia e Macedonia.

6. Sociedade, economía e urbanismo en Grecia.

6.1. Unha sociedade desigual.

A sociedade grega dividíase en dous grupos: os cidadáns e os non cidadáns.

- Os cidadáns eran unha minoría. Participaban na vida política e no exército, gozaban de todos os dereitos e tiñan obrigación de pagar impostos. Entre eles había persoas moi ricas e outras de condición máis humilde.
- Os non cidadáns eran a maior parte da poboación. Non podían participar na política, pero a súa situación non era uniforme:
 - Os estranxeiros eran persoas libres. Pagaban impostos e podían formar parte do exército, pero non podían posuír terras nin casas. Dedicábanse ao comercio e a artesanía.
 - Os escravos non eran persoas libres. Adoitaban ser prisioneiros de guerra ou fillos de escravos. Principalmente, eran empregados na agricultura, nas minas e no servizo doméstico.



- As mulleres podían ser libres ou escravas, pero todas carecían de dereitos. Non podían intervir en política, votar ou asistir a espectáculos públicos. As mulleres ricas coidaban do fogar, mentres que as mulleres das clases populares traballaban como campesiñas, vendedoras, amas de cría ou parteiras.

6.2. As actividades económicas.

O terreo grego era moi pobre. A agricultura especializouse en tres produtos: trigo, vide e oliveira.

As explotacións agrícolas eran pequenas e os campesiños vivían humildemente.

Os habitantes das cidades gregas dedicábanse sobre todo á artesanía e ao comercio. Os gregos elaboraron cerámica de calidade, que exportaban a outras zonas do mundo. Tamén había obradoiros de curtidores, en que se realizaban obxectos de pel. Destacaron igualmente na fabricación de tecidos de liño, la e, na época helenística, tamén de algodón.

O comercio era a actividade económica máis importante. Había un pequeno comercio moi activo: os pequenos artesáns vendían os seus produtos no obradoiro, os campesiños acudían ás cidades para vender as colleitas e nas pequenas tendas vendíase todo o necesario para os habitantes das cidades. Estes pequenos comerciantes carecían de prestixio social.

Pero había tamén ricos e poderosos comerciantes, propietarios de barcos que navegaban polo mar Mediterráneo. Vendían os produtos elaborados nas cidades gregas e, a cambio, compraban alimentos, madeira e cobre en terras afastadas. Nos intercambios comerciais, os gregos utilizaban moedas de prata chamadas dracmas.

6.3. O urbanismo. A cidade grega.

Debido ao relevo montañoso, as cidades situábanse preto do mar para facilitar as comunicacións e o comercio. As polis estaban formadas polas cidades propiamente ditas e polos campos de cultivo que as rodeaban,

Na zona urbana as rúas das cidades eran estreitas e retortas, e pódense diferenciar dúas zonas.

- A ágora era a praza onde se celebraba o mercado e o lugar en que a poboación se reunía para pasear, parolar e estar informados do que pasaba na cidade.
- A acrópole era un recinto amurallado situado no lugar máis elevado da cidade, de fácil defensa en caso de ataque. Na acrópole situábanse os templos e algúns dos edificios máis importantes.

Entre as construcións máis significativas que había na cidade grega encontrábase o bouleuterion, que era onde se reunía o Consello, a stoa ou galería porticada, o teatro, o estadio e o ximnasio. Tamén había bibliotecas e xardíns públicos.

Na época helenística, as cidades medraron e alcanzaron gran desenvolvemento. As novas cidades que se fundaron nesa época dispoñían de rúas amplas e rectas que creaban rúas cadrados e regulares.



ROMA.

1. Os antigos romanos: onde e cando viviron.

1.1. Onde viviron os romanos.

No I milenio a. C. vivían na península itálica distintos pobos. Os principais eran tres: no norte, os etruscos; no centro, os latinos, e no sur, os gregos, que fundaran varias colonias.

No século VIII a. C. os latinos levantaron varios poboados nas beiras do río Tíber, nunha zona coñecida como os Sete Outeiros. Da unión destes poboados xurdiu a cidade de Roma.

Roma tiña unha situación excelente. Por un lado, era un lugar fácil de defender, porque estaba protexido polo río e os outeiros. Tamén era moi adecuado para o comercio, pois estaba no cruzamento das rutas entre o norte e o sur da península itálica e entre o leste e o oeste do mar Mediterráneo.

Durante moito tempo, Roma foi unha cidade pequena. Pero a partir do século VI a. C. conquistou inmensos territorios. Primeiro, ocupou a península itálica e, despois, expandiuse polo resto de Europa, Asia e África, fundamentalmente polos territorios arredor do mar Mediterráneo. Por iso, os romanos chamábanlle Mare Nostrum, que quere dicir “o noso mar”.

Así, Roma creou o imperio máis grande coñecido ata daquela. Este imperio configurouse mediante guerras continuas, grazas á potencia e á boa organización das lexións romanas.



1.2. As etapas da historia dos romanos.

Os romanos desenvolveron unha brillante civilización que durou doce séculos, desde o VIII a. C. ao século V d. C. Nesta longa historia distínguense tres etapas:

- A Monarquía (753 a.C.-509 a.C.).
- A República (509 a.C.-27 a.C.).
- O Imperio (27 a.C.-476 d.C.).



1.3. A Monarquía (753 a.C.-509 a.C.)

Durante os primeiros séculos da súa historia, Roma era gobernada por un rei elixido polos representantes das familias máis importantes da cidade: os patricios. O rei era auxiliado polo Senado, unha asemblea formada polos senadores, que eran os xefes das familias principais.

No século VI a.C. os etruscos conquistaron Roma. Pero os habitantes de Roma nunca aceptaron a súa autoridade e enfrontáronse aos etruscos ata que os venceron.

No ano 509 a.C., o último rei etrusco, Tarquinio o Soberbio, foi destronado por unha rebelión. Deste xeito terminou a Monarquía.



2. A República (509 a.C.-27 a.C.)

2.1. O goberno da República romana

Tras a expulsión dos etruscos, estableceuse unha nova forma de goberno: a República. Tres foron as súas institucións principais: os Comicios, as Maxistraturas e o Senado.

- Os Comicios eran asembleas en que se reunían os cidadáns romanos para votar as leis e elixir os maxistrados.
- As Maxistraturas eran os distintos cargos do goberno. (8 e 9) Os maxistrados eran elixidos por un ano. Os máis importantes eran os dous cónsules, que dirixían o goberno e o exército.

- O Senado era a institución máis importante. Ratificaba as leis, dirixía a política exterior e daba normas de actuación aos maxistrados. As súas decisións eran acatadas sen discusión.




2.2. A sociedade.

A sociedade romana dividíase en dous grandes grupos: os patricios e os plebeos.

- Os patricios eran unha minoría que estaba formada polas familias máis ricas e poderosas, xa que tiñan a propiedade da maioría das terras. Dicían descender dos fundadores de Roma.
- Os plebeos eran todos os demais habitantes: Os campesiños, os artesáns e os comerciantes. Eran o grupo máis numeroso.

Ademais, había escravos, que non eran considerados persoas senón obxectos propiedade dos seus donos. Adoitaban ser prisioneiros de guerra ou fillos e fillas de escravos. Podían comprar a súa liberdade e converterse así en libertos.

As mulleres tiñan unha situación especial. Fosen patricias ou plebeas, ricas ou pobres, nunca tiñan dereitos políticos. Sempre tiñan que ser tuteladas por un home: primeiro polo seu pai e, cando casaban, polo seu home. En cambio, si que podían ter propiedades, rexentar negocios e participar nas festas e nos espectáculos. Pensábase que o papel fundamental das mulleres era a crianza dos fillos. Non obstante, moitas traballaban no campo, nas tendas, como parteiras, etc.



2.3. A loita dos plebeos polos seus dereitos

Ao principio da República só os patricios tiñan dereitos políticos, é dicir, interviñan na elaboración das leis e podían ser maxistrados e senadores. Por esta razón, os plebeos loitaron por igualar a súa situación. Pouco a pouco, lograron grandes avances:

- No século V a.C. conseguiron que un representante, o tribuno da plebe, defendese os seus intereses no Senado.
- Desenvolveuse o Código das Doce Táboas, que reunía as leis de Roma co fin de evitar os abusos aos que eran sometidos os plebeos.
- A partir do século IV a.C. os plebeos puideron ser maxistrados e senadores.

3. Expansión e crise da República.

3.1. A expansión polo Mediterráneo.

Durante a República, Roma conquistou moitos territorios. Nas conquistas distínguense tres etapas:

- Primeiro, entre os anos 500 e 250 a. C., Roma derrotou a todos os pobos que vivían na península itálica.

- Depois, venceu os cartaxineses, comandados por Aníbal, nas chamadas guerras púnicas. Os cartaxineses dominaban O norte de África e unha parte da península ibérica e Baleares. Esta vitoria permitiulle a Roma expandirse polo Mediterráneo occidental (séculos III e II a.C.).
- Por último (séculos II e I a.C.), conquistaron Grecia e o Mediterráneo oriental e continuaron estendéndose por Europa: o centro e norte da península ibérica, Galia, Britania...

Neste enorme territorio mesturáronse pobos moi diferentes, pero todos foron sometidos á autoridade romana. Os pobos que intentaron resistirse aos romanos recibiron un duro castigo. As súas cidades foron arrasadas e os seus habitantes foron feitos prisioneiros e vendidos como escravos.

O Imperio romano foi dividido en provincias para facilitar o goberno e a explotación dos recursos.

Cada provincia estaba baixo a autoridade dun gobernador e tiña que pagarlle impostos a Roma.



3.2. As consecuencias das conquistas.

A creación deste inmenso imperio tivo importantes consecuencias para a República romana.

CONSECUENCIAS DAS CONQUISTAS		
Económicas	Políticas	Sociais
As conquistas proporcionaron grandes riquezas: • Terras. • Produtos das zonas conquistadas. • Botín de guerra. • Escravos. • Impostos.	As estruturas políticas republicanas estaban pensadas para gobernar unha cidade, non un imperio. • O Senado controlaba pouco os gobernadores das provincias que estaban moi lonxe. • Estendeuse a corrupción nas provincias.	As riquezas que proporcionada o Imperio quedaban nas mans duns poucos. Cada vez había máis desigualdades entre os máis ricos e o resto da poboación. Esta situación provocou un gran descontento social e constantes revoltas.

3.3. A crise da República.

No século I a. C. comezou un período de corrupción, loitas e enfrontamentos internos na República romana.

- Producíronse varias revoltas populares protagonizadas polos máis pobres.
- Houbo unha rebelión de escravos dirixida por Espartaco.

Nesta situación de desorde, o exército aumentou o seu poder. Algúns militares e homes poderosos enfrontáronse entre si para intentar facerse co poder, co que houbo varias guerras civís.

No ano 48 a.C. un militar, Xulio César, venceu os seus opoñentes, foi proclamado ditador perpetuo e asumiu os máximos poderes. Pero un grupo de partidarios da República asasinouno no 44 a.C.

Tras a morte de Xulio César iniciouse unha nova guerra civil, na que venceu o seu sobriño Octavio. No ano 27 a.C., Octavio recibiu amplos poderes do Senado e o título de Augusto, que significaba “elixido dos deuses”.

4. O Imperio (27 a. C. -476 d. C.).

4.1. Augusto, O primeiro emperador romano.

No ano 27 a. C. Augusto iniciou unha nova forma de goberno: o Imperio.

- O emperador acumulaba todos os poderes: presidía o Senado; era o xefe supremo do exército e o xefe relixioso; dirixía a política exterior; ditaba as leis, e decidía os tributos.
- O Senado continuou existindo, pero limitábase a ratificar as decisións do emperador.

Aínda que en teoría o cargo de emperador non era hereditario, a realidade é que o posto adoitaba herdarse dentro da mesma familia. Por esta razón formáronse dinastías.



4.2. O apoxeo do Imperio (séculos I e II)

Nos séculos I e II d. C. o mundo romano alcanzou o seu máximo esplendor e poder, con emperadores como o propio Augusto, Claudio, Vespasiano, Traxano e Marco Aurelio. Foi un período moito máis tranquilo ca o anterior, polo que recibe o nome de pax romana. A paz impulsou a prosperidade económica e cultural.

O Imperio chegou á súa máxima extensión, desde as illas británicas ao norte ata o deserto do Sáhara ao sur, e desde Mesopotamia ao leste ata Hispania ao oeste. Roma era a capital.

Entón intensificouse a romanización, é dicir, a asimilación da cultura e da forma de vida romanas por outros pobos: a lingua (o latín), as leis (o dereito romano), os deuses, a arte... Os romanos fundaron cidades por todo o Imperio.

Ao principio só os habitantes de Roma tiñan dereitos, como posuír propiedades, votar, casar ou ir a xuízo. No século III (ano 212 d. C.) o emperador Caracalla estendeu a cidadanía romana a todos os habitantes do Imperio.

4.3. A crise do século III.

No século III o Imperio romano viviu unha grave crise:

- Foi unha crise militar. As fronteiras do Imperio foron atacadas polos xermanos polo norte e polos persas polo leste.
- Tamén foi unha crise política. A autoridade do emperador debilitouse: moitos emperadores foron depostos ou asasinados por militares que impoñían os seus candidatos.
- A inseguridade provocou unha crise económica. O comercio diminuíu, porque os camiños non eran seguros, e os impostos aumentaron, porque os gastos militares eran enormes.
- Por último, foi unha crise social. O Imperio ruralizouse. Os máis ricos abandonaron as cidades na procura de seguridade e para evitar pagar impostos. Os pobres tamén se trasladaron ao campo, onde era máis fácil encontrar alimentos.

5. A economía.

5.1. A agricultura.

Era unha actividade básica. O trigo, a vide e a oliveira eran os principais cultivos. Tamén se cultivaban verduras e froitas.

Os romanos introduciron moitas innovacións na agricultura. Estenderon o regadío e novas ferramentas e máquinas, como o arado romano, os muíños de gran e as prensas para elaborar o aceite e o viño.

A maioría das terras pertencían a grandes propietarios, que posuían enormes extensións de terra (latifundios). Os latifundios eran traballados por campesiños contratados e, sobre todo, por escravos.

O centro dos latifundios era a villa ou casa rural. Nas villas había unha gran mansión en que vivía a familia do propietario, xunto a almacéns, bodegas, currais, cortes, etc.

5.2. A artesanía, minaría e comercio.

Moitos produtos fabricábanse en pequenos obradoiros situados nas cidades. Había unha gran diversidade de oficios: ceramistas, vidreiros, tecedores, carpinteiros...

Pero tamén había industrias grandes, onde traballaban decenas de escravos. Por exemplo, as industrias de peixes en salga e as de fabricación de barcos.

A minaría centrábase na explotación de ouro, prata, ferro, cobre, estaño, chumbo e mercurio. As minas de ouro e prata eran propiedade do Estado e a súa explotación dependía directamente del. As demais, aínda que eran propiedade estatal, eran arrendadas a particulares para que as explotasen.

Nas costas mediterráneas explotábase o sal, que se empregaba para salgar e conservar os alimentos. O traballo nas minas era moi duro e realizábanos escravos.

Os romanos estableceron un intenso comercio tanto dentro coma fóra do Imperio. Por exemplo, un volume importante do aceite e do trigo que se distribuían polo Imperio procedía da península ibérica. Do mar Báltico importaban ámbar e peles. As especias, a seda e o algodón traíanse de Asia, e en África capturábanse escravos.

O comercio viuse facilitado por dous aspectos:

- A existencia dunha mesma moeda en todo o Imperio.
- A construción dunha extensa rede de estradas, as calzadas, que unían Roma con todas as provincias do Imperio. Tamén crearon unha rede de portos.



5.3. As cidades romanas.

As cidades eran os centros principais do Imperio. En época romana fundáronse moitas cidades e moitas das xa existentes coñeceron un gran desenvolvemento. Roma era a capital. No seu momento de maior esplendor chegou a ter un millón de habitantes.

As cidades romanas seguían case sempre o mesmo modelo. Tiñan planta rectangular con rúas paralelas organizadas arredor de dúas rúas principais:

O cardo, que ía de norte a Sur,

O decumanus, que ía de leste a oeste.

No cruzamento de ambos os eixes ou preto del encontrábase o foro, unha praza central en que tiña lugar a vida política, cultural e social.

No foro situábanse os edificios máis importantes, como o capitolio, a curia e a basílica. Nos límites do foro encontrábanse as tendas, os mercados e os obradoiros dos artesáns.

As cidades romanas estaban equipadas con servizos de todos os tipos: teatros, fontes, cloacas...



A PENÍNSULA IBÉRICA NA IDADE ANTIGA.

1. Os pobos prerromanos: celtas, iberos e Tartesos.

1.1. Os iberos.

Os pobos iberos habitaban no leste e no sur da península ibérica desde o século VIII a. C. Grazas a que estiveron en contacto cos fenicios e cos gregos, coñecían a escritura.

Os iberos vivían en poboados amurallados construídos en zonas elevadas. Organizábanse en tribos gobernadas por un rei ou régulo. Os grupos máis poderosos eran os nobres, os sacerdotes e os guerreiros.

A economía baseábase na agricultura de cereais, vide e oliveira e na gandería. Tamén destacaba a minaría de ouro, prata, cobre e ferro. Ademais, a artesanía era de calidade, sobre todo a forxa de espadas, a cerámica e os tecidos de la e liño. Esta calidade dos seus produtos favoreceu o desenvolvemento do comercio. Os iberos chegaron a cuñar moedas propias.

Adoraban divindades principalmente femininas. O culto relixioso realizábase nos santuarios, próximos aos poboados. Incineraban os defuntos e introducían as súas cinzas en urnas.

1.2. Os celtas.

Os celtas chegaron á península ibérica desde Centroeuropa cara ao ano 1100 a. C. e establecéronse no norte, no centro e no oeste da Península.

Vivían en poboados amurallados chamados castros.

Organizábanse en tribos; cada tribo estaba formada por varios clans e cada clan por varias familias. Unha minoría acaparaba as riquezas e dominaba o resto dos individuos.

A economía era autosuficiente, é dicir, os celtas abastecíanse co que eles mesmos producían, polo que o comercio apenas tiña importancia. Dedicábanse, sobre todo, á gandería, pero tamén practicaban a caza de cervos e de porcos bravos e unha agricultura que estaba baseada nos cereais. Eran expertos en metalurxia: fabricaban fundamentalmente xoias e armas de bronce e ferro. Tamén elaboraban cerámicas e tecidos de la.

Os pobos celtas non coñecían a escritura nin a moeda. Adoraban os astros e algúns elementos da natureza. Os sacerdotes celtas chamábanse druídas e tiñan gran prestixio social, porque actuaban como doutores e adiviños. Igual ca os iberos, os celtas tamén incineraban os seus mortos.

1.3. Tartesos.

As fontes gregas e os restos arqueolóxicos indican que Tartesos foi o reino máis antigo da península ibérica. O seu núcleo principal situábase no val do Guadalquivir, pero a súa influencia estendíase por todo o suroeste peninsular. Viviu a súa época de maior esplendor desde finais do século VIII a.C. ata o século VI a.C.

A súa economía baseábase na agricultura, na gandería e, moi especialmente, na minaría e na metalurxia. Os tartesos extraían cobre, prata e estaño das minas da rexión. Esta riqueza de metais atraeu os fenicios e os gregos, cos que mantiveron intensas relacións comerciais. A cambio dos seus metais, os tartesos obtiñan teas, aceites, xoias e marfil.

A influencia fenicia sobre Tartesos foi moi importante. Deles tomaron técnicas agrícolas, a ourivaría e o culto a algúns deuses, como Astarté, a deusa fenicia da natureza e da fertilidade.



Tartesos estaba gobernado por un rei. O único do que temos constancia é Argantonio, de quen se di que reinou durante case 100 anos. A partir do século V a.C., Tartesos entrou en declive e o seu lugar ocupárono os iberos.

2. A Galicia castrexa.

Os celtas que entraron na Península mesturáronse con outros pobos do norte e recibiron o nome de galaicos.

2.1. A cultura castrexa.

Desde o século VIII a. C. ata a dominación romana, os galaicos desenvolveron a súa propia cultura, que coñecemos como cultura castrexa. A fase máis florecente desta cultura coincidiu cos séculos en que se produciu o seu contacto coa romana.

Os galaicos vivían nos castros, que eran recintos fortificados situados, polo xeral, en lugares altos ou de fácil defensa (outeiros, penínsulas...) porque, ademais de residencia, tiñan función defensiva. No interior dos castros había vivendas, xeralmente de planta oval ou circular, feitas de pedra, e con construcións anexas.

O número de castros localizados en Galicia é de arredor de cinco mil. Destacan o de Viladonga e San Cibrao de Las, no interior, e Santa Tegra, Baroña e Fazouro, na costa.

Castro de Baroña



2.2. A sociedade castrexa.

A sociedade castrexa organizábase en pobos ou populi, formado cada un por varios castros veciños, e en cada castro, á súa vez, vivían varias familias.

Os galaicos tiñan unha economía baseada na agricultura e na gandería. Cultivaban cereais e legumes e recollían landras.

A sociedade castrexa estaba xerarquizada, cunha distribución da riqueza desigual. Era unha sociedade belicosa, como mostran as esculturas de guerreiros e os restos das súas armas.

Había certa igualdade entre as mulleres e os homes galaicos aínda que, mentres as mulleres posuían a terra e a traballaban, os homes dedicábanse a actividades gandeiras e guerreiras.

2.3. A relixión e a arte.

A sociedade castrexa era moi relixiosa. Tiñan deuses maiores, como o deus da guerra Coso, e moitos deuses menores, protectores dos pobos e dos animais ou relacionados coas augas, cos bosques e, en especial, coas encrucilladas.

Os galaicos desenvolveron a ourivaría e facían arracadas e colares para as mulleres e torques e diademas para os homes. Consérvanse restos da súa cerámica, que adoitaban decorar con diferentes motivos.



Torque de Burela (Lugo).



3. Os pobos colonizadores.

3.1. Os fenicios

Os fenicios procedían das cidades-Estado da costa leste do Mediterráneo, como Tiro e Sidón. O comercio era unha actividade fundamental na súa economía. Por iso, navegaban polo mar Mediterráneo na procura de novos territorios dos que obter materias primas e cos que mantiñan relacións comerciais.

Durante o I milenio a.C. estableceron asentamentos, chamados factorías, en Sicilia, no norte de África, onde fundaron Cartago, e na península ibérica. Entre as factorías da Península encontrábase Gadir (zona da actual Cádiz), Sexi (Almuñécar), Malaca (Málaga) e Abdera (Adra). (7) Os fenicios mantiveron relacións cos pobos que habitaban a Península, sobre todo con Tartesos.

O poderío fenicio comezou a declinar cara ao ano 539 a.C., cando OS persas conquistaron as súas cidades-Estado máis importantes.

3.2. Os gregos

Os gregos eran os grandes rivais comerciais dos fenicios no mar Mediterráneo. Chegaron á península ibérica entre os séculos VIII e VII a.C. en busca de metais, esparto e sal, e instaláronse principalmente no Levante.

Os gregos fundaron colonias, como Rhodes (Roses), Hemeroskopeion (Denia) e Emporion (Ampurias). (7) A influencia cultural grega foi moi importante nestas zonas, como testemuñan OS numerosos restos arqueolóxicos encontrados. (6)

3.3. Os cartaxineses

Os cartaxineses foron os sucesores dos fenicios. Procedían de Cartago, unha poderosa cidade e un gran centro económico.

Controlaron as factorías fenicias e fundaron outras propias, como Carthago Nova (Cartaxena) e Ebyssos (Eivisa). (7) Pero, a diferenza dos fenicios, a colonización cartaxinesa tivo un carácter militar, principalmente. Someteron as tribos do sur peninsular e enfrontáronse aos gregos, a quen venceron no ano 535 a.C. e obrigaron a abandonar o Mediterráneo occidental.

En cambio, no século III a.C., Os intereses cartaxineses chocaron cos de Roma, unha nova potencia que se expandía e que tamén aspiraba a controlar o Mediterráneo. Os romanos e os cartaxineses enfrontáronse nas guerras púnicas. A segunda guerra púnica desenvolveuse en parte na península ibérica. Cando os romanos venceron o exército cartaxinés, dirixido por Aníbal, os cartaxineses foron expulsados da península ibérica e Baleares.



4 A conquista romana de Hispana.

4.1. A conquista romana.

Roma e Cartago eran dúas potencias militares que rivalizaron por dominar o Mediterráneo e se enfrontaron nas Guerras Púnicas.

No século II a.C., após a Primeira Guerra Púnica (254-241 a.C.), os cartaxineses emprenderon unha expansión territorial polo Sudeste da Península Ibérica.

No ano 220 a.C., o xeneral cartaxinés Aníbal Barca planeou conquistar Roma, onde levou os seus exércitos dende a Península Ibérica tras atravesar os Pireneos e os Alpes.

No seu avance asediou a cidade ibérica de Sagunto, aliada de Roma. Este feito deu lugar ao inicio da Segunda Guerra Púnica (218 - 201 a.C.).



FASES DA CONQUISTA ROMANA DE HISPANIA		
Primeira etapa (218 - 197 a. C.)	Segunda etapa (154 - 133 a. C.)	Terceira etapa (29 - 19 a. C.)
- Os romanos desembarcaron en Ampurias (218 a. C.). - A batalla de Ilipa (Alcalá del Río, Sevilla) no ano 206 a. C. acabou co dominio cartaxinés na Península - Os romanos conquistaron a costa mediterránea e os vales do Ebro e do Guadalquivir.	- Os romanos ocuparon a Meseta, a pesar da resistencia de lusitanos e celtiberos. - Os romanos derrotaron os lusitanos tras o asasinato do seu caudillo, Viriato, polos seus propios xenerais no 139 a. C. - Os celtiberos resistiron en Numancia ata que os romanos arrasaron a cidade no 133 a. C. tras un longo asedio.	Os romanos ocuparon o norte peninsular, aínda que quedaron pobos sen someter, como os vascóns. Tras as guerras cántabras, o emperador Octavio Augusto deu por concluída a conquista de Hispania no ano 19 a. C.

4.2. A organización territorial de Hispania.

Os romanos denominaron co nome de Hispania as terras conquistadas na península ibérica. Para controlar e administrar mellor este territorio, dividírono en provincias e puxeron á fronte de cada unha un gobernador. Á vez, as provincias dividíronse en conventus.

O número de provincias foi medrando a medida que aumentaba o control romano de Hispania:

- Inicialmente creáronse dúas provincias, Citerior e Ulterior.
- No ano 27 a. C., Augusto organizou o territorio en tres provincias: Bética, Lusitania e Tarraconense.
- A finais do século III creáranse cinco provincias: Bética, Lusitania, Tarraconense, Gallaecia e Cartaxinense.



5. Hispania Romana.

5.1. A sociedade hispanorromana

A poboación hispanorromana dividíase en dous grupos: os homes libres e os escravos.

- No grupo dos homes libres había grandes diferenzas económicas.
 - Na cúspide encontrábanse as familias procedentes de Roma e as persoas relacionadas cos patricios, que posuían inmensas riquezas e grandes extensións de terra.
 - Inmediatamente despois, situábanse as principais familias indíxenas, que ocupaban importantes cargos de goberno en Hispania.
 - Por debaixo encontrábase a plebe, formada por artesáns, tendeiros, pequenos propietarios rurais e marxidados que malvivían nas cidades e que eran mantidos polos poderosos.
- Os escravos eran os habitantes das cidades indíxenas que se sublevaran contra os romanos e que foron escravizados como castigo. Eran numerosos. Traballaban nas minas, no campo e nas tarefas domésticas.

5.2. A economía.

Roma aproveitou ao máximo os recursos naturais de Hispania. A principal riqueza que explotou foron os metais, especialmente ouro, prata, cobre, ferro, chumbo e mercurio.

A produción agrícola aumentou coa introdución do arado romano, novas técnicas de regadío e o barbeito, que consiste en deixar sen cultivar unha parte do campo para que se recupere e produza despois mellores colleitas. Había grandes propiedades agrícolas ou latifundios, nos que traballaban escravos.

A actividade artesanal baseouse na produción de ánforas, aceite, viño, liño, esparto e salga de peixes.

O comercio desenvolveuse grazas a unha densa rede de comunicacións e á circulación de moedas romanas. Hispania exportaba trigo, viño, aceite, salgas, liño, metais e escravos, e importaba produtos de luxo, como perfumes.



Acueducto de Segovia



5.3. A romanización.

Os pobos sometidos ao dominio de Roma asimilaron a cultura romana pouco a pouco. A este proceso chamámoslle romanización. Hispania foi un dos territorios máis romanizados.

- O latín impúxose, en xeral, sobre as linguas indíxenas, das que só se conservaron algunhas palabras.
- O dereito romano supuxo que todos os habitantes de Hispania se rexesen polas mesmas leis.
- Aínda que persistiron cultos indíxenas, a relixión romana foise impondo na maior parte de Hispania. A partir do século II estendeuse o cristianismo.
- Os romanos impulsaron o desenvolvemento das cidades, que se converteron en centros de difusión da forma de vida e da cultura romanas. Tamén se construíu unha densa rede de calzadas para comunicalas.

Os lexionarios foron un dos principais vehículos de romanización. Cando se retiraban, recibían lotes de terra nas provincias. Así, os romanos conviviron cos indíxenas, que imitaron as formas de vida romanas. Ademais, moitos hispanos alistáronse como soldados no exército romano.



6. A Galicia romana.

6.1. A romanización

O norte da Península espertou interese nos romanos pola riqueza mineira. A súa conquista non foi tarefa doada para o exército romano, pois durou máis dun século.

O noroeste peninsular incorporouse ao imperio romano no século I e creouse unha provincia co nome de Gallaecia no século III. Roma fundou cidades como Lugo, Braga e Astorga, que uniu por unha rede de vías de comunicación.



6.2. A sociedade galaico-romana.

Unha vez pacificado o territorio, produciuse a romanización, e os costumes autóctonos comezaron a mesturarse cos novos costumes romanos. Este fenómeno deu lugar á cultura galaico-romana.

Os romanos achegaron novas formas de organizar a vivenda e a agricultura, como as villae.

As mulleres galaico-romanas, igual ca as de Roma, estaban tuteladas polos homes.

A economía baseouse na agricultura, na minaría e no comercio.

6.3. A relixión e a arte.

Aínda que a romanización foi intensa, non supuxo a perda dos cultos e das tradicións indíxenas.

Nos últimos séculos do imperio romano, destacou a cristianización da Gallaecia, que estivo relacionada sobre todo con dous factores:

- O esplendor cultural arredor de Braga, con escritores relixiosos como Martiño Dumio, Paulo Orosio, Hidacio e a monxa Exeria.
- O priscilianismo, unha herexía baseada na austeridade e na pobreza.

Entre as obras arquitectónicas de época romana destacan as murallas de Lugo (s. III). Tamén son salientables a ponte sobre O río Bibei (Ourense), o faro da Torre de Hércules, as termas de Lugo e a igrexa de Santa Eulalia de Bóveda (Lugo). Nas cidades espallouse o gusto polos mosaicos.



Torre de Hercules



Muralla de Lugo

Ponte sobre o río Bibei (Ourense) na Vía Nova que enlazaba Braga con Astorga.



O legado da antigüidade en España

Os pobos prerromanos e os colonizadores deixáronnos un importante legado:

- O uso da moeda.
- O alfabeto, que herdamos dos fenicios.
- Algúns cultivos, como a oliveira e a vide.
- Un importante patrimonio artístico: esculturas, cerámicas, xoias...

Dos romanos recibimos unha grandísima herdanza:

- O latín. Da que derivan as linguas romances: o galego, o portugués, o castelán, o catalán...
- O dereito romano. É a base de moitas leis actuais.
- As calzadas. Moitas estradas actuais teñen o mesmo trazado ca as calzadas romanas.
- As cidades. Os hispanos coñecían as cidades pero os romanos fundaron cidades novas, remodelaron as existentes e construíron edificios e obras públicas (acuedutos, pontes...).

ARTE E CULTURA CLÁSICA.

1. As crenzas na Grecia Clásica.

1.1. Os deuses e os heroes na Antiga Grecia.

A relixión grega era politeísta, é dicir, Os gregos crían na existencia de numerosos deuses. Os deuses tiñan aspecto humano, aínda que eran inmortais. Eran os responsables da orde e do equilibrio no mundo e a miúdo interviñan na vida dos seres humanos e, incluso, mantiñan relacións con eles.

Os deuses e as deusas máis importantes residían no monte Olimpo. Zeus, deus do ceo, era o deus principal. Gobernaba sobre os demais deuses e era o protector das persoas. Cada polis tiña a súa divindade protectora, á que se lle daba culto. Por exemplo, Atenea, deusa da sabedoría, era a protectora de Atenas.

Da unión dun deus e dun humano nacían os heroes, como Aquiles, Ulises ou Orfeo. Os heroes eran moi poderosos, pero mortais. Considerábase que eran os fundadores das cidades e a orixe das familias importantes.

Os gregos tamén crían na existencia de criaturas fantásticas, como os ciclopes, que eran monstros dun só ollo, ou os centauros, cabalos con cabeza e torso humanos.

Os gregos inventaban mitos, que eran historias fabulosas sobre os deuses e os heroes.



1.2. O culto relixioso.

O templo era a casa dos deuses e os sacerdotes e sacerdotisas eran os seus serventes. Encargábanse de dirixir o culto e levar ofrendas aos deuses. As ofrendas dos fieis eran o alimento e as riquezas que os deuses usaban.

Rendíase culto aos deuses para expresarlles agradecemento e para pedirllles axuda, protección ou consello. Os ritos relixiosos realizábanse na casa, nos templos e nos santuarios.

- Na casa, cada familia tiña un altar dedicado á deusa do fogar e aos seus antepasados.
- Ademais, todos os cidadáns participaban no culto aos deuses protectores da cidade.
- Nos santuarios realizábanse ritos comúns para todas as cidades gregas: por exemplo, ofrecíanlles aos deuses representacións teatrais e competicións deportivas, como os Xogos Olímpicos.

Os gregos pensaban que os deuses podían axudar ou prexudicar os humanos. Por iso era importante coñecer a súa opinión. Os oráculos eran mensaxes dos deuses que podían ser interpretados polos adiviños. O oráculo máis famoso era o de Delfos, onde acudían as persoas para consultar o deus Apolo.

2. A arquitectura grega: O templo.


O templo grego.

As divindades residían nos templos. Estes realizábanse principalmente en pedra (mármore, pedra calcaria...) e pintábanse de cores que se perderon co paso do tempo. Tiñan planta rectangular e construíanse sobre unha plataforma.

Os gregos non utilizaron o arco nin a bóveda, senón que cubrían os templos con teitos planos que se sostiñan sobre columnas.

O templo grego organizábase en varias dependencias:


- O pronaos era o vestíbulo.
- A naos ou cella era a sala principal, en que se gardaba a estatua da divindade.
- O opistodomo era o lugar en que se depositaban as ofrendas na parte posterior do templo.




As ordes gregas.

Para lograr a harmonía e a beleza, os arquitectos gregos construían segundo unhas estritas regras matemáticas, denominadas ordes, que determinaban o tamaño e a combinación dos elementos arquitectónicos.

Inicialmente existían dúas ordes, a dórica e a xónica, pero máis tarde apareceu outra nova, a corintia.



Canon de Policleto. O escultor Policleto segundo o cal o corpo humano debe ter unha altura equivalente a sete cabezas.




3. A escultura

A maioría das esculturas tiñan unha función relixiosa e representaban deuses e heroes.

Os escultores gregos interesáronse por mostrar a beleza ideal do corpo humano espido. Consideraban que esta beleza se baseaba nas proporcións harmoniosas, para o cal estableceron un canon, é dicir, unha regra para representar as proporcións humanas.

O teatro grego.

Os materiais máis utilizados polos escultores foron o bronce e o mármore. Case todas as esculturas se pintaban de vivas cores, que non se conservaron. A maioría das esculturas de bronce perdéronse, pero podemos saber como eran grazas ás copias en mármore que fixeron os romanos, Entre os principais escultores gregos destacan Mirón, Policleto e Fidias no século V a. C., e Lisipo, Scopas e Praxíteles no IV a.C.



4. A filosofía, a ciencia e a literatura.

4.1. A filosofía e a ciencia.

Os pobos da Antigüidade, como os mesopotámicos e os exipcios, explicaban a través dos mitos os fenómenos da natureza que non comprendían.

Os gregos tamén desenvolveron mitos, pero foron os primeiros en buscar unha explicación racional do universo e dos comportamentos humanos. Por iso, dise que os gregos inventaron a filosofía e a ciencia.

Ao principio, filosofía e ciencia encontrábanse unidas. Considerábase que o filósofo era aquel que se interesaba por todos os campos do saber, desde a astronomía á música ou a medicina.

A partir do século V a. C., as ciencias comezaron a desenvolverse con independencia da filosofía. No período helenístico consolidouse este proceso; así, Atenas converteuse no principal centro filosófico e Alexandría, en Exipto, no centro do pensamento científico.

Os principais filósofos gregos foron Sócrates, Platón e Aristóteles. Nas ciencias destacaron Pitágoras, Arquímedes e Herodoto, ao que se considera o primeiro historiador.

4.2. A literatura.

No campo da poesía destacou Homero, autor da Ilíada e da Odisea. A Ilíada narra un episodio da guerra de Troia arredor do heroe Aquiles, mentres que a Odisea relata as aventuras de Odiseo (Ulises) desde a toma de Troia ata o seu regreso a Ítaca. Outro poeta destacado foi Píndaro, que enxalzou nas súas obras os atletas vencedores nos Xogos Olímpicos. O teatro, como o coñecemos, foi unha creación grega.

- As primeiras representacións teatrais foron traxedias, en que se escenificaba o momento máis dramático da vida dun heroe. Destacan Esquilo, Sófocles e Eurípides, que teñen obras que seguen representándose na actualidade.
- Posteriormente apareceu a comedia, que criticaba a sociedade grega da época. Aristófanes foi un dos grandes autores de comedias.

5. Roma. Grandes construtores e enxeñeiros.

5.1. A arquitectura romana: innovacións técnicas.

Os romanos eran uns excelentes construtores. Unha proba diso é que moitas das súas obras chegaron ata nós. Isto debíase en parte a que estaban construídas con dous novos materiais moi resistentes: o cemento e o formigón.


As construcións romanas mesturaron elementos procedentes da arquitectura grega con outros elementos arquitectónicos, como o arco, a bóveda e a cúpula.

Coas bóvedas e coas cúpulas podían cubrir espazos enormes.

A. Arco de medio punto

B. Bóveda de canón

C. Cúpula



5.2. Principais construcións

As grandes obras arquitectónicas romanas tiñan sempre un sentido práctico, pois destinábanse a satisfacer as necesidades da poboación. Tamén adoitaban ser monumentais, é dicir, moi grandes, para que os que viran os edificios sentisen que os romanos eran moi poderosos. Podemos clasificar os edificios e monumentos romanos polas funcións que cumprían nos seguintes tipos.

EDIFICIOS		FUNCÍONS
RELIXIOSOS	Templo	Celebración dos ritos relixiosos.
	Capitolio	Culto á tríade capitolina (Xupiter, Xuno, Minerva)
POLÍTICOS E ECONÓMICOS	Curia	Lugar de reunión do Senado.
	Basílica	Realización de intercambios comerciais.
PARA O LECER	Teatro	Representación de comedias e traxedias.
	Anfiteatro	Loitas de gladiadores e de gladiadores e feras.
	Circo	Carreiras de carros (cuadrigas).
PARA O COIDADADO DO CORPO	Ximnasio	Adestramento deportivo.
	Termas	Baños públicos.
MONUMENTOS CONMEMORATIVOS	Columnas	Rememoración de feitos e vitorias militares.
	Arcos de triunfo	
OBRAS PÚBLICAS	Calzadas	Transporte de persoas e mercadorías.
	Pontes	Cruzamento de ríos
	Acuedutos	Traslado de auga desde os ríos ata as poboacións.

Distinguir un templo romano dun grego

O frontón non ten decoración.

As columnas laterais acáranse ao muro.

Os templos romanos tiñan unha **escalinata** de entrada.

Os romanos levantaban os templos sobre un **podio**.




Maison Carrée (Nîmes, Francia).

O Panteón de Agripa




Anfiteatro Flavio, Coliseo



O teatro

- Construíase exento, non estaba apoiado nunha ladeira coma o teatro grego.
- Tiña unha escena moi desenvolvida, cun fondo arquitectónico permanente que parecía un edificio.
- A orquestra era semicircular, non circular coma nos teatros gregos, porque o coro tiña un papel menor nas obras.
- As bancadas eran semicirculares. As situadas máis abaixo reservábanse para personaxes importantes.

Teatro de Mérida



Pont du Gard (Nîmes)

Columna Trajana



Arco de Tito



6. A escultura en Roma.

Na antiga Roma as estatuas e os relevos adornaban as prazas, os edificios públicos e as vivendas das persoas adineradas. A maioría estaban realizados en mármore ou en bronce.

Unha novidade que introduciron os romanos na etapa republicana foi a realización de retratos. Estes destacaban polo seu marcado realismo, incluso se plasmaban os defectos físicos das persoas. No alto imperio, á hora de crear as súas esculturas, seguiron os modelos idealizados da Grecia clásica. No etapa final, o baixo imperio, comezaron a facerse estatuas inexpresivas e inmóbiles que representaban o poder imperial solemne, maxestoso e eterno.

Facíanse esculturas de corpo enteiro, bustos e estatuas ecuestres, que representaban o retratado a cabalo. Para decorar os edificios usábanse relevos, en que se mostraban acontecementos da historia de Roma, como grandes vitorias militares, escenas relixiosas...



República



Alto Imperio



Baixo Imperio

7. A relixión romana.

Os romanos permitían aos pobos que conquistaban que continuasen mantendo a súa relixión e a miúdo renderon culto aos deuses dos pobos conquistados. Como resultado, a relixión romana era politeísta.

- Os romanos adoptaron moitos dos seus deuses dos gregos, pero cambiándolles os nomes. Os deuses principais eran Xúpiter, Xuno e Minerva, que se coñecían como a tríade capitolina.
- Ademais, incorporaron numerosos deuses orientais, como Isis, Cibeles e Mitra.
- Nos primeiros séculos do Imperio, os emperadores eran considerados deuses e rendíaseles culto. Era o único culto obrigatorio para todos os habitantes do Imperio.

Os sacerdotes realizaban nos templos os ritos relixiosos, que xeralmente consistían en sacrificios de animais. Os romanos eran moi supersticiosos e, antes de tomar unha decisión importante, consultaban os augures para coñecer a vontade dos deuses e elevaban pregarías e executaban sacrificios para obter os seus favores.

Tamén había un culto doméstico que se realizaba no fogar. Tiñan un pequeno altar nos seus fogares no que daban culto a tres grupos de divindades:

- Os lares, que eran os xenios protectores do fogar.
- Os penates, que eran os deuses que aseguraban o abastecemento alimentario da casa.
- Os manes, que eran os espíritos dos antepasados,

O culto doméstico era dirixido polo pai de familia. Este realizaba todas as mañás ofrendas de alimentos, flores e perfumes no altar familiar.

CORRESPONDENCIA ENTRE DEUSES GREGOS E ROMANOS

DEUS GREGO	DEUS ROMANO
Zeus	Xúpiter
Hera	Xuno
Atenea	Minerva
Apolo	Febo
Artemisa	Diana
Afrodita	Venus
Ares	Marte
Poseidón	Neptuno
Deméter	Ceres
Hefesto	Vulcano
Hermes	Mercurio
Hestia	Vesta
Dionisos	Baco